

FOLLAS NOVAS

REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS

PADRÓN 2019

AURORA LÓPEZ E ANDRÉS POCIÑA

Rosalía de Castro nas obras de Ricardo Carballo Calero

Estudo bibliográfico

FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO

FOLLAS NOVAS

REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS

Nº4 · 2019

*Rosalía de Castro nas obras
de Ricardo Carballo Calero.*

Estudo bibliográfico.

Aurora López

Universidade de Granada

auroral@ugr.es

Andrés Pociña

Universidade de Granada

apocina@ugr.es

Limiar

Ese gran home das letras galegas, creador e estudoso eximio, que se chamou Ricardo Carballo Calero, escribíbase como pareza mellor o seu primeiro apelido, morreu o 25 de marzo de 1990. Houbo que esperar trinta anos, de inxustiza e vergonza abraiantes, para que neste ano 2020 se lle adicase o Día das Letras Galegas. A autora e o autor destas páxinas denunciámos sempre que puidemos, de palabra ou por escrito, o escándalo de estar dedicando ano tras ano esa efeméride a persoas que a merecían moito menos, debido a razóns que nunca serán xustificadas e que pesarán por sempre nas costas de quen o provocaron. Na ledicia de estarmos por fin no Ano de Ricardo Carballo Calero, escribimos este artigo bibliográfico, que é a terceira homenaxe nosa dedicada á memoria do admirado e benquerido Don Ricardo.

O primeiro traballo de ambos dedicado á súa memoria foi escrito pouco tempo despois do seu pasamento, para unha homenaxe que foi pensada axiña, pero adiábase decote; decidimos publicalo en 1996, co título “Ricardo Carballo Calero na historia do rosalianismo. Unha aproximación bibliográfica”^[1]. Como é lóxico, comprendía todas as obras, libros, artigos, referencias, etc., sobre Rosalía de Castro, concebido a modo dunha aportación a un estudo xeral sobre a “Historia do rosalianismo”, que nunca se fixo, e na que Carballo Calero resulta, sen lugar a ningunha dúbida, figura senlleira. Agora, tantos anos despois de termos feito aquel traballo, e despois de vermos publicado por fin o volume IV

[1] A. Pociña – A. López, “Ricardo Carballo Calero na historia do rosalianismo. Unha aproximación bibliográfica”, *Boletín Galego de Literatura* 15-16 (1996) 179-191.

da nosa *Bibliografía rosaliana*^[2], e seguirmos preocupados polas novidades que van saíndo sobre a vida e a obra de Rosalía, en parte animados por este gran instrumento de investigación que é agora a revista *Follas Novas*, cremos que resulta de absoluta honestidade e necesidade denunciar tantas publicacións que saen sobre a meirande escritora galega sen a mínima base bibliográfica, sendo como é unha figura moi investigada, e por veces ousando presentar como descubrimentos ou aspectos nunca vistos cousas xa ditas e repetidas, sobre todo grazas aos traballos longos de Ricardo Carballo Calero, o primeiro rosalianista de todos os tempos, que por veces nin aparece nas bibliografías.

No ano 2000, por fin, baixo a dirección de José Luis Rodríguez, editáronse en Santiago os dous volumes dos *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*, que era a homenaxe para a que escribíramos o traballo anterior. Tratándose dunha obra programada como homenaxe á memoria do noso autor, pensamos de novo en escribir algo sobre bibliografía rosaliana, aspecto do que faláramos tantas veces co mestre. Daquela, presentamos un traballo sobre o que estaba a facerse e publicarse sobre Rosalía nos anos 1991-1998, xa sen a presenza física de Don Ricardo^[3].

Revisamos agora a nosa bibliografía rosaliana de Carballo Calero, partindo evidentemente do que publicamos con anterioridade, pero por suposto engadindo novas aportacións antes descoñecidas, e diversos comentarios^[4].

E non queremos rematar estas verbas limiares sen recordar unha declaración do propio Ricardo Carballo Calero sobre a súa inmensa admiración, a súa auténtica paixón rosaliana:

Claro que existe pola miña parte unha inclinazón moi marcada à lectura, ao comentario, à investigación da obra de Rosalía. E isto por dúas razóns fundamentais, que comparten seguramente moitos galegos. Unha é que realmente teño a obra de Rosalía por unha obra xenial, ou, se se prefere, pola obra dun escritor xenial. Rosalía, que non dominava a ortografía castellana, e polo tanto tampouco a galega, que entón eran a mesma ortografía castellana un pouco adaptada a certas particularidades fonolóxicas do noso idioma, e que non fixo estudos superiores, nen sequer estudos médios, non pode explicar-se senón admitindo que havia nela uns xens temperamentais que a condicionaban como un escritor de grande xénio. Xénio que lle permite, sobretudo, enfrentar-se à vida cunha extraordinaria autenticidade. Para min o fundamental de Rosalía é o valor con que explora a vida, con que considera o mundo e con que expresa as súas impresóns sobre o mundo. Trate-se do tema relixioso ou, se se prefere, do tema da trascendencia do home, importantísimo en Rosalía; trate-se de problemas sociais ou psicolóxicos, en Rosalía non hai superficialidade...

[2] A. López – A. Pociña, *Rosalía de Castro. Documentación biográfica e bibliografía crítica*. Volumen IV (1991-2000), Padrón, Fundación Rosalía de Castro, 2017. XXV + 799 pp.

[3] A. Pociña – A. López, “Notas sobre a pervivencia e difusión actuais da obra rosaliana. Edicións e traducións de Rosalía dende 1991 ata 1998”, en J. L. Rodríguez (ed.), *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*, Santiago, Parlamento de Galicia e Universidade, 2000, pp. 619-638.

[4] Agradecemos de todo corazón a preocupación e ánimos de María Pilar García Negro para que fixésemos este artigo, e por suposto o precioso material que nos proporcionou, cousa que agradecemos tamén a Marica Campo.

No que ten, pois, de xénio universal como escritora, e no que ten de militante galeguista ao seu modo e no seu tempo, Rosalía -isto último liga-a dunha maneira extraordinariamente forte a toda a historia das organizacións galegas-, no que ten dunha e doutra cousa, é motivo de admiración e de cariño. E eu, como galego, como escritor e como investigador literario, tiña naturalmente que sentir-me extraordinariamente advocado ao estudo da súa obra^[5].

Edicións de obras de Rosalía

- 1 (1963) .- Rosalía de Castro, *Cantares gallegos*. Introducción y notas de Ricardo Carballo Calero, Salamanca, Anaya, 1963. 145 pp. + 1 f.
- 2 (1969).- *Cantares gallegos*. Nova edición do nº anterior.
- 3 (1973).- Rosalía de Castro. *Poesías. Cantares gallegos. Follas novas. En las orillas del Sar*, Edición preparada pola Cátedra de Lingüística e Literatura Galega da Universidade de Santiago, Vigo, Patronato Rosalía de Castro, 1973. 403 pp. + 1 f.
- 4 (1974).- Rosalía de Castro, *Cantares gallegos*. Edición de Ricardo Carballo Calero, Madrid, Ediciones Cátedra, 1974. 187 pp. + 2 ff.
- 5 (1975).- *Cantares gallegos*. Segunda edición do nº 4.
- 6 (1976).- Rosalía de Castro. *Poesías. Cantares gallegos. Follas novas. En las orillas del Sar*, Segunda edición do nº 3, sen cambios.
- 7 (1978).- *Cantares gallegos*. Tercera edición do nº 4.
- 8 (1979).- *Cantares gallegos*. Cuarta edición do nº 4.
- 9 (1981).- *Cantares gallegos*. Quinta edición do nº 4.
- 10 (1982).- Rosalía de Castro. *Poesías. Cantares gallegos. Follas novas. En las orillas del Sar*, Ao coidado de Ricardo Carballo Calero e Lydia Fontoira Suris. Terceira edición, agora revisada, do nº 3, indicando por primeira vez os nomes do editor e da editora.
- 11 (1982).- *Cantares gallegos*. Sexta edición do nº 4.
- 12 (1984).- *Cantares gallegos*. Séptima edición do nº 4.
- 13 (1989).- *Cantares gallegos*. Octava edición do nº 4.
- 14 (1992).- Rosalía de Castro. *Poesías. Cantares gallegos. Follas novas. En las orillas del Sar*. Cuarta edición do nº 3, coa revisión feita no nº 9.
- 15 (1998).- *Cantares gallegos*. Décima edición do nº 4.
- 16 (2001).- *Cantares gallegos*. Undécima edición do nº 4.
- 17 (2008).- *Cantares gallegos*. Decimotercera edición do nº 4.
- 18 (2013).- *Cantares gallegos*. Decimocuarta edición do nº 4..

Temos, en total, unha edición de *Cantares gallegos*, con dúas tiraxes, publicada por Anaya, e outra da mesma obra, publicada por Cátedra, que chegou ás catorce edicións, segundo indicación explícita da editorial que copiamos (por eso aparece en castelán) na nosa lis-

[5] M. A. Fernán Vello – F. Pillado Mayor, *Conversas en Compostela con Carballo Calero*, Barcelona, Sotelo Blanco Edicións, 1986, pp. 187-188.

ta^[6]; ademais, unha edición de *Poesías*, que comprende os tres grandes libros de versos en galego e en castelán da autora, feita en colaboración con Lydia Fontoira Suris, según se fai constar nas dúas derradeiras tiraxes, das catro que tivo este libro, preparado a petición do que naquelas datas era o Patronato Rosalía de Castro^[7].

Xa que logo, non foi moi copiosa a tarefa de Carballo Calero como editor de Rosalía; pero sen dúbida resultou importante. Na nosa edición crítica de *Cantares gallegos*^[8] (1992), sinalabamos, a propósito do nº 1: “Esta edición de Carballo, xunto coa do Padroado Rosalía de Castro, feita polo mesmo autor e por Lydia Fontoira Suris, son, ó noso ver, as dúas edicións máis serias e coidadas ata o de agora, as dúas teñen unha meirande coherencia interna”.

Da seriedade con que facía Carballo Calero os seus traballos de edición poden dar unha boa imaxe dous exemplos, tomados de *Cantares gallegos*: no primeiro, tocante ó verso 48 do cantar 17, as dúas edicións publicadas en vida de Rosalía (Vigo, 1863; Madrid, 1872) presentaban o texto *Dond’ extraña m’alomean*, con ese verbo “alomear” que chamou a atención dos editores pola súa rareza; Bouza Brey correxiuno en *anomean* na primeira tiraxe da súa edición do Centenario^[9] (1963), e Carballo Calero conxecturou *alcumean* na súa do mesmo ano (nº 1). Pero estudos posteriores de Carballo levárono á descuberta da existencia de dous verbos *alomear* no galego de Rosalía, un, procedente do latín *adluminare*, e outro, presente neste verso, de *adnominare*, feito que deu a coñecer en moi diversas publicacións, recomendando volver á lectura dada polas edicións primeira e segunda de Rosalía^[10].

[6] Non tivemos ocasión de ver a Edición Novena (entre 1990 e 1997) e a Edición Decimosegunda (entre 2002 e 2007). Publicadas na moi pestixiosa e difundida colección Letras Hispánicas, despois da edición da decimocuarta tiraxe (2013), foi substituída por *Cantares gallegos*, Edición de Ana Rodríguez Fischer, Madrid, Ediciones Cátedra, 2015, 284 pp.

[7] Durante varios anos nos que a autora e o autor deste traballo frecuentabamos a Casa-Museo da Matanza, sempre reclamados pola grande amizade que nos unía á insigne guardesa, Maruxa Villanueva, e a súa irmá María, puidemos observar a importante difusión e propaganda desta edición, por certo excelente, das *Poesías*. Poucas veces vimos o libro en venda noutros lugares. No ano 1996, probablemente como substitución nada axeitada, a Fundación Rosalía de Castro publicou o volume Rosalía de Castro, *Obra completa*; sobre esta edición, sen rigor ecdótico mínimo, escribimos no vol. IV da nosa *Bibliografía rosaliana*: “Con el amontonamiento de toda la obra de Rosalía para que quepa en un solo volumen, incluso a costa de editar las obras poéticas a dos columnas, esta publicación significa un claro retroceso con relación a cualquiera de las ediciones de la *Obras completas* de nuestra autora” (p. 290).

[8] Rosalía de Castro, *Poesía galega completa I Cantares gallegos*, edición de Andrés Pociña e Aurora López, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco Edicións, 1992.

[9] Rosalía Castro de Murguía, *Cantares gallegos*, edición do centenario ordenada, prologada e anotada por Fermín Bouza Brey, Vigo, Galaxia, 1963.

[10] Cf. e R. Carballo Calero, “Bibliografía rosaliana”, *Grial* 3 núm. 9 (1965) 365-366; “Un verso de Rosalía: Donde estraña me alomean”, *Cuad. de Est. Gallegos* 20 (1965) 124-126; “Alomear en Rosalía”, *Cuad.*

O segundo exemplo atópase no verso 41 do cantar 9, no que a edición de 1872 daba o texto, inexplicable, *Selas calente miraran*; preocupado pola recuperación dunha lectura que dese un sentido xustificable, na edición de 1963 Carballo dicía: “No conozco la voz *calente*, que traen todas las ediciones. No creo que sea un arcaísmo por *quente*, ni un latinismo relacionado con *callens* que hubiera tomado forma adverbial. Si es adjetivo, tiene que referirse a *amore*, y no hace sentido. Prefiero leer *ca lente*: ‘Si ellas, que tienen a mi amor por feo, lo miraran con lente que supliese su miopía, estarían conformes conmigo en que es hermoso’”. A solución era inxeniosa, pero non resultaba moi convincente. En edicións posteriores, volve Carballo sobre o verso, e remata con esta outra solución: “Prefiero leer *cal eu te*, con lo que el sentido es perfecto, y explicable la errata”. En efecto, a partir de esa conxectura de Carballo, a estrofa de Rosalía queda desta forma: *Selas cal eu te miraran, / Meu amore, / Nin toliña me chamaran, / Nin ti me fixeras dore*: a intelixente solución dada polo gran erudito non só é convincente, senón que ten unha explicación moi clara: era moi fácil imaxinar a confusión, na imprenta (onde traballan homes que falan decote castelán), de *cal eu te* por *ca-len-te*.

Importante, como dixemos, foi o labor ecdótico de Carballo Calero. E cómpre engadir que, no texto de Carballo, primeiro en Edicións Anaya, despois en Edicións Cátedra, puideron ler os *Cantares gallegos* de Rosalía moitas xentes, entre elas os estudantes do antigo Curso preuniversitario, no que, por algúns anos, a lectura desta obra era obrigada. E diremos, para rematar, algo ben sabido: o volume das *Poesías* publicado polo Padroado Rosalía de Castro adoita empregarse como edición de referencia para os tres grandes poemarios de Rosalía por parte dos mellores investigadores e investigadoras da obra da nosa autora.

Estudos xerais sobre Rosalía

19 (1952).- “Arredor de Rosalía”, no volume colectivo *7 ensayos sobre Rosalía*, Vigo, Galaxia, 1952, pp. 17-39. A parte final deste traballo (pp. 34-38) publícase anos despois, co título “As novelas de Rosalía”, en *Estudios rosalianos* (1979), pp. 195-200.

20 (1955).- *Aportaciones a la literatura gallega contemporánea*, Madrid, Editorial Gredos, 1955. Rosalía é estudada no Cap. I, “Rosalía de Castro”, pp. 15-54.

21 (1955).- *Sete poetas gallegos*. Rosalía de Castro. Eduardo Pondal. Manuel Curros Enríquez. Antonio Noriega Varela. Ramón Cabanillas. Luis Amado Carballo. Manuel Antonio, Vigo, Editorial Galaxia, 1955. Adícase a Rosalía o Cap. I (pp. 17-39), que vén ser o mesmo que o do libro anterior, pero neste novo publicado en lingua galega.

22 (1963).- *Historia da literatura gallega contemporánea I*, Vigo, Galaxia, 1963. A

de Est. Gallegos 21 (1966) 258-262; “Nota sobre alomear”, *Cuad. de Est. Gallegos* 22 (1967) 254-258; e na nova versión, con algúns retoques e engádegas, en “Alomear” en Rosalía”, no libro *Sobre lingua e literatura galega*, Vigo, Editorial Galaxia, 1971, pp. 236-242 (máis tarde, con grafía lusista, no volume *Da fala e da escrita*, Ourense, Galiza editora, 1983, pp. 95-98.

parte dedicada a Rosalía (Cap. IV, Rosalía de Castro, pp. 139-228, con Bibliografía nas pp. 529-533) resulta ser, máis que un capítulo dunha Historia xeral da literatura galega, unha auténtica monografía sobre a vida e a obra da escritora, na que se tratan gran cantidade de aspectos, extensamente e con minuciosidade.

23 (1966).- *Breviario antolóxico de la literatura gallega contemporánea*, Barcelona, Tip. José Prats Bernadás, 1966. Pequena obriña con fins de difusión; Rosalía aparece nas pp. 11-31, do total de 135 páxinas que ten o libriño.

24 (1975).- *Historia da literatura galega contemporánea*, Vigo, Galaxia, 1975. Nova edición do nº 22. A novidade principal afecta á Bibliografía (pp. 794-798), sensiblemente enriquecida e posta ó día.

25 (1976).- Anónimo, *Rosalía de Castro*, Vigo, Patronato Rosalía de Castro, 1976, 42 pp. É unha especie de biografía e presentación da poeta, con abundante iconografía, destinada sobre todo aos visitantes da Casa-Museo de Rosalía en Padrón. Publicado en forma de folleto, sen o nome do autor, sabemos que foi escrito por Carballo Calero, pois máis tarde aparece incluído no volume *Estudos rosalianos* (Vigo, Galaxia, 1979).

26 (1979).- *Estudos rosalianos. Aspectos da vida e da obra de Rosalía de Castro*, Vigo, Editorial Galaxia, 1979. 207 pp. Comprende trinta traballos, de contido moi variado, publicados en datas e lugares diversos, en galego e en castelán; neste volume editanse revisados, todos eles en galego.

27 (1981).- *Historia da literatura galega contemporánea 1808-1936*, Vigo, Galaxia, 1981. A parte dedicada a Rosalía é igual que a da 2ª edición (nº 24), con algúns engadidos na Bibliografía.

28 (1982).- Anónimo, *Rosalía de Castro*, Versións en: Galego, Castellano, Catalá e Euskera, Santiago, Edicións do Patronato, 1982. 70 pp. Nova edición do nº 25, engadíndolle agora ás versións galega e castelá outras ao catalán e ao euskera.

29 (1984).- *Letras galegas*, Coruña, Associação Galega da Língua, 1984. Contén cinco traballos sobre Rosalía, un deles orixinal, cunha interesante análise dos problemas de edición do verso quinto do poema “Os manantiales sécanse”, de *Follas novas*.

30 (1989).- *Estudos e ensaios sobre literatura galega*, Sada – A Coruña., Edicións do Castro, 1989. Contén once traballos de tema rosaliano, publicados por Carballo Calero nos anos 1984, 1995 e 1996: “Congresso rosaliano” (pp. 113-115), “Rosalía, umha rosa de cem folhas” (pp. 116-129), “La obra en castellano de Rosalía de Castro” (pp. 130-141), “Rosalía bica a tumba do seu pai” (pp. 161-164), “O sexo de Rosalía” (pp. 165-167), “A meniña gaiteira e o bom bergantinhám” (pp. 175-181), “Problemas de *El Caballero de las Botas Azules*. Os amores do Duque” (pp. 142-148), “Siléncio! Umha nova lectura de un texto rosaliano” (pp. 149-156), “A meniña do Pazo de Arretén” (pp. 157-159), “A cólera do avó” (pp. 160-161), “Um brinde” (pp. 168-171).

31 (1992).- *Umha voz na Galiza. Artigos de xornal (1933-1989)*, Presentación por Carmen Blanco, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 1992. Artigos publicados en xornais, entre eles seis de tema rosaliano: “Poetisas e poetas” (pp. 72-74), “Lingua e ortografía de *Follas novas*” (pp. 75-77), “Datas e lugares na historia de Rosalía” (pp. 147-149),

“Da vida de Rosalía” (pp. 164-167), “Rosalía e a nosa identidade” (pp. 171-172), “De Rosalía a Castelao” (pp. 208-210).

32 (1997).- Anónimo, *Rosalía de Castro*, Versións en: Galego, Castellano, Catalá e Euskera, Pontevedra, Edicións da Fundación Rosalía de Castro, 1997. 63 pp. Terceira edición do libro nº 27.

33 (2010).- María Pilar García Negro (ed.), *Ricardo Carvalho Calero: a ciencia ao servizo da nación*, Bertamiráns, Edicións Laiovento, 2010. Empregamos a segunda edición, que reseñamos a continuación.

34 (2019).- María Pilar García Negro (ed.), *Ricardo Carvalho Calero: a ciencia ao servizo da nación*, Segunda edición revisada e acrecentada. Santiago de Compostela, Edicións Laiovento, 2019. Esta escolma de 48 traballos de Carballo Calero, elixidos con indubitable acerto entre as mellores publicacións súas dos anos 1930 a 1987, contén once de tema rosaliano variado. De certo vai converterse nun instrumento importante na futura investigación sobre Rosalía, aparecendo nunhas circunstancias nas que a bibliografía fundamental sobre a escritora e a súa obra, abondantísima, pero moi espallada e descoidada, parece ter sido esquecida por tanta investigación ocasional e superficial, pero que se atribúe unha importancia e unha orixinalidade das que carece por completo. Estes son os traballos rosalianos escolmados: “A sombra negra e o hóspede branco” (pp. 52-55), “Negra sombra” (pp. 56-62), “Rosalía de Castro e Eduarda Pondal” (pp. 68-74), “Rosalía en Lugo” (pp. 85-86), “Rosalía, actriz” (pp. 100-101), “O mito Rosalía” (pp. 102-104), “Compostela en Rosalía” (pp. 105-108), “Problemas biográficos” (pp. 128-141), “Rosalía bica a tumba do seu pai” (pp. 242-245), “A cólera do avó” (pp. 255-257), “De Rosalía a Castelao” (pp. 258-260)

De todo este conxunto de certo se podería salientar como aportación fundamental o estudo de Rosalía nas diversas edicións da monumental *Historia da literatura galega* (nos. 22, 24 e 27), tanto pola amplitude e mestría do tratamento da vida e a obra (galega) da escritora, como pola multitude de datos que fornece e polos diversos puntos de vista críticos que aplica, nesa especie de “sincretismo metodolóxico” que define á crítica literaria de Carballo Calero, segundo escribiu moi atinadamente Carmen Blanco^[11]; non parece esaxerado dicir que a meirande parte dos estudos dedicados a Rosalía a partir do ano 1963 débellen moito á *Historia* de Carballo Calero. Como denuncia ultimamente María Pilar García Negro, “esta *Historia...* é, sen reservas, a base documental de que se serviron absolutamente todas cantas outras historias da literatura ou manuais se redixiron con posterioridade, recoñezan a débeda ou non, se inspíren deliberadamente nela ou a plaxien sen compaixón”^[12]. Engadimos nós que exactamente o mesmo pode dicirse de moitos estudos sobre Rosalía que partiron sen dúbida dela.

[11] Carmen Blanco, *Carballo Calero: política e cultura*, Sada – A Coruña, Edicións do Castro, 1991, p. 97.

[12] María Pilar García Negro (ed.), *Ricardo Carvalho Calero: a ciencia ao servizo da nación*, Santiago de Compostela, Edicións Laiovento, 2019, p. 21.

Doutra banda, unha forma moi distinta amosa o folletoño *Rosalía de Castro* (nos. 25, 28 e 32), que, aínda que estea pensado como unha simple presentación da escritora, sen ningunha caste de alardes de erudición, así e todo amosa un excelente exemplo de como se pode facer un tipo de traballo sempre moi necesario, pero non sempre nin ben feito nin ben acollido, isto é, o de divulgación cultural: xa que logo, non pode causar sorpresa que, ademais das dúas publicacións en folleto bilingüe (nº 25) e cuadrilingüe (nº 228 e 32), o profesor Carballo o volvese a publicar como “Introducción a Rosalía” nos seus *Estudios rosalianos* (nº 26); e que Xesús Alonso Montero o inclúa, como texto fundamental sobre a escritora, na súa utilísima crestomatía de estudos rosalianos *En torno a Rosalía*^[13], onde aparece, na versión castelá, nas páxinas 64-75.

Estudios biográficos

35 (1960).- “Rosalía de Castro y Eduarda Pondal”, *Bol. de la Comisión Prov. de Monumentos Hist. y Artísticos de Orense* 20 (1959-1960) 117-225. Despois publicado en *Estudios rosalianos* (1979), pp. 43-52; agora tamén en García Negro (ed.), *Ricardo Carvalho Calero...* (2019), pp. 68-74.

36 (1962).- “Rosalía en Lugo”, *Faro de Vigo*, 2-IX-62. Sobre a posible residencia de Rosalía e Murguía en Lugo, polos anos 1865 a 1868, cando o impresor Soto Freire publica obras de ambos. Reeditado en *Estudios rosalianos* (1979), pp. 69-70, e en García Negro (ed.), *Ricardo Carvalho Calero...* (2019), pp. 85-86.

37 (1963).- “Referencias a Rosalía en cartas de sus contemporáneos”, *Cuad. de Est. Gallegos* 18 (1963) 303-313. Nove textos de cartas enviadas a Murguía ou a Rosalía, importantes como documentos biográficos; eran propiedade de Juan Naya Pérez, bibliotecario da Real Academia Galega no tempo desta publicación. Reeditado en *Estudios rosalianos* (1979), pp. 57-68.

38 (1973).- “Rosalía, actriz”, *Cuad. de Estudios Gallegos* 28 (1973) 353-356. Información importante tendo en conta o ano da súa publicación, 1973, mais na actualidade moi superada. Pode acharse tamén en *Estudios rosalianos* (1979), pp. 53-56; e en García Negro (ed.), *Ricardo Carvalho Calero...* (2019), pp. 100-101.

39 (1977).- “Bibliografía rosaliá”, *La Voz de Galicia*, 9-X-77, p. 28. Contén algunhas precisións sobre aspectos biográficos de Rosalía de interpretación problemática.

40 (1977).- “Bibliografía rosaliana”, *Grial* 58 (1977) 389-400. Debido a problemas biográficos procedentes dun artigo publicado por Dionisio Gamallo Fierros sobre a “Negra sombra” (*Nordés*, 1975, pp. 55-84), Carballo Calero aclara aspectos biográficos conflitivos sobre o lugar de nacemento de Rosalía, sobre o seu pai, sobre a súa relación co poeta Aurelio Aguirre. Este artigo aparece en *Estudios rosalianos* (1979), pp. 29-42 baixo o título “Problemas biográficos”, e co mesmo pasa a García Negro (ed.), *Ricardo*

[13] Xesús Alonso Montero, *En torno a Rosalía*, Madrid, Ediciones Júcar, 1985.

Carvalho Calero... (2019), pp. 128-141, mais o orixinal de *Grial* é “Bibliografía rosalia-na”.

41 (1984).- “Datos e lugares na historia de Rosalía”, *La Voz de Galicia*, 18-VII-84, pp. 3 e 36. A propósito de citas e críticas de afirmacións súas feitas en tempos pasados, e referíndose concretamente á data da morte do pai de Rosalía, José Martínez Viojo (no ano 1871, segundo documentación consultada e publicada por Carballo Calero), sinala o noso investigador que o resultado de longos estudos á procura dun tema determinado leva moitas veces a ter que rectificar opinións do pasado: “Ao reeditar un libro, procuro poñé-lo ao día, de forma que a primeira edizón, ou calquer anterior à última, pode conter conceptos que logo aparecen rectificadas”. Este artigo pode verse con facilidade no volume *Umha voz na Galiza. Artigos de xornal...* (1992), pp. 147-149.

42 (1985).- “Rosalía bica a tumba do seu pai”, *La Voz de Galicia*, 9-VI-85, p. 22. Despois dun longo estudo do apelido Viojo, segundo do pai de Rosalía (nas partidas de defunción José Martínez y Biojo), sinálase o lugar da súa tumba, no cemiterio de Adina, que sen dúbida foi bicada por Rosalía. Artigo reproducido en *Estudos e ensaios sobre literatura galega* (1989), pp. 161-164; tamén en García Negro (ed.), *Ricardo Carvalho Calero...* (2019), pp. 242-245.

43 (1986).- “A meniña do Pazo de Arretén”, *La Voz de Galicia*, 12-I-86, p. 24. Comezando por un comentario sobre o libro *Rosalía* de Ramón Otero Pedrayo, publicado o ano anterior (Vigo, Galaxia, 1985), explica Carballo Calero que Rosalía nunca viviu coa súa nai no Pazo da Arretén, como aparece no libro de Otero, que obviamente non é de carácter científico. Pode verse tamén en *Estudos e ensaios sobre literatura galega* (1989), pp. 157-159.

44 (186).- “A cólera do avó”, *La Voz de Galicia*, 23-II-86. Artigo en estreita conexión co anterior. A lenda de que don José de Castro Salgado, pai da nai de Rosalía, se encolezizou ao saber do parto da súa filla, resulta cronolóxicamente imposíbel: Rosalía naceu o 24 de febreiro de 1837, don José de Castro morrera o 12 de xaneiro de 1828, daquela nove anos antes. Reeditado en *Estudos e ensaios sobre literatura galega*, pp. 160-161; tamén en García Negro (ed.), *Ricardo Carvalho Calero...* (2019), pp. 255-257.

Quen se teña achegado á investigación biográfica sobre Rosalía sabe moi ben o difícil que resulta traballar neste eido, debido á falta ou á escasez de datos para moitos aspectos de interese (por exemplo, sobre a nenez da poeta), ou á presenza de datos contradicorios (por exemplo, sobre os múltiples lugares onde viviu, ou sobre as circunstancias de edición de poemas soltos). Moitas veces se ten dito que resulta abondo o que queda por facer neste campo de pescuda. Sen embargo, se hoxe podemos falar e escribir sobre moitos aspectos da vida de Rosalía sen caer en antigos erros, débese en boa parte á teima de Carballo Calero, constante ó longo de toda a súa vida, de andar á procura de datos novos, ofrecendo sempre noticia moi ben documentada dos seus achádegos, como pode verse neses traballos de natureza exclusivamente biográfica, así como en tantos outros de horizonte máis amplo.

Estudos literarios, históricos, sociais

45 (1957).- “Negra sombra”, *Galicia emigrante* IV núm. 26 (1957) 18-19 y 37. Base de moitos estudos posteriores sobre o famoso e debatido poema. Áchase tamén en *Sobre lingua e literatura galega* (1971), pp. 79-84, e en García Negro (ed.), *Ricardo Carvalho Calero...* (2019), pp. 56-62.

46 (1958).- “Visión de la vida en la lírica de Rosalía de Castro”, *Cuad. de Est. Gallegos* 13 (1958) 209-241. Publicado máis tarde, en galego, en *Estudos rosalianos*, 1979, pp. 101-132.

47 (1959).- *Contribución ao estudo das fontes literarias de Rosalía*. Discurso de ingreso na Real Academia Galega lido o día 17 de maio de 1958 seguido da resposta de Ramón Otero Pedrayo, Lugo, Ediciones Celta, 1959. 133 pp.

48 (1964).- “Cien años de ‘Cantares Gallegos’”, *La Voz de Galicia*, 1-I-64, p. 10. Pode atoparse tamén en *Estudios rosalianos* (1979), pp. 78-89.

49 (1971).- “Negra sombra”, en *Sobre lingua e literatura galega*, Vigo, Editorial Galaxia, 1971, pp. 79-84.

50 (1973).- “O mito de Rosalía”, *La Voz de Galicia*, 21-I-73. Segundo Carballo Calero, “o pobo galego mitificou a Rosalía, fíxoa símbolo da alma colectiva, rendéulle un culto espontáneo”. Convén evitar os riscos, as consecuencias rexeitabeis, desa mitificación, pero tamén estudar científicamente os seus motivos, porque non foi gratuita. Artigo reeditado en *Estudos rosalianos* (1973), pp. 201-203, e en García Negro (ed.), *Ricardo Carvalho Calero...* (2019), pp. 102-104.

51 (1973).- “Compostela en Rosalía”, *Faro de Vigo*, 30-V-73. Rosalía é santiaguesa, tanto polo seu nacemento como por ter vivido moitos anos nesta cidade; mais este artigo non é de intención biográfica, senón literaria, repasando a visión de Compostela que hai na poesía da nosa autora. Artigo reeditado en *Estudos rosalianos* (1973), pp. 145-147, e en García Negro (ed.), *Ricardo Carvalho Calero...* (2019), pp. 105-108.

52 (1974).- Carballo Calero, R, - Marco López, A., “Cantares gallegos”, *Gran Enciclopedia Gallega*, vol. V (1974), p. 3.

53 (1980).- “Poetisas e poetas”, *La Voz de Galicia*, 16-X-80, p. 24.

54 (1981).- “A poética de *Follas Novas*”, en *Homenaje a Gonzalo Torrente Ballester*, Salamanca, Biblioteca de la Caja de Ahorros, 1981, pp. 397-407. (Editado tamén na revista *Nuevo Hispanismo* 1 (1982) 2-38; e máis tarde, con grafía lusista, no volume *Letras galegas*, Coruña, 1984, pp. 143-152).

55 (1981).- “Sobre el sentido de las innovaciones métricas de Rosalía de Castro”, Revista *1616* 4 (1981) 45-52 (Tamén foi publicado en portugués, no *Boletim de Filologia* de Lisboa 28 (1983) 305-316; e en galego, no libro *Letras galegas*, 1984, pp. 153-160).

56 (1984).- “O sexo de Rosalía”, *El Correo Gallego*, 29-V-84, p. 22.

57 (1984).- “A meninha gaiteira e o bom bergantinhám”, en *Rosalía viva*, especial de *A nosa terra*, Vigo, 1984, pp. 41-44.

58 (1985).- “Congreso Rosaliano 1985”, *Estudos e ensaios sobre literatura galega* (1989), pp. 113-115. Discurso inaugural do “Congreso Internacional de estudios sobre Rosalía de Castro e o seu tempo”, organizado pola Universidade de Santiago de Compostela, días 15-20 de xullo de 1985. De modo extraño, o discurso de Carballo Calero, que era Presidente do Congreso en representación da Universidade convocante, non se publicou nas *Actas*, nas que en cambio aparecen o do Reitor, Carlos Pajares, e o do Presidente do Consello da Cultura Galega, Ramón Piñeiro. Trátase dun fermoso saúdo aos congresistas procedentes de todo o mundo, onde Rosalía ten gañado xustificado prestixio de escritora universal. Nos cen anos transcorridos dende o seu pasamento en 1885, en palabras de Carballo Calero “Rosalía foi submetida a análises que corroboran a súa riqueza de contido. Rosalía, poeta romántico; Rosalía, escritor realista; Rosalía, modernista; Rosalía, existencialista; Rosalía, à luz de Marx; Rosalía, à luz de Freud; Rosalía, a través do prisma da estilística; Rosalía, a través do prisma da semioloxía; Rosalía, como realidade antropolóxica; Rosalía, como realidade familiar; os contornos xeográficos, os contornos económicos, os contornos políticos de Rosalía...” De todo eso vai tratar de novo o Congreso, centrándose especialmente nas catro grandes obras de Rosalía, que seguen a ser as que escolleu Murguía en 1909 para a súa edición das *Obras completas* da súa muller, segundo o noso autor: “Dous libros galegos, *Cantares* e *Follas*; dous libros castelhanos: *En las Orillas del Sar* e *El Caballero de las Botas azules*”; mais tampouco vai ser rexeitado o tratamento das obras menos significativas de Rosalía. Sen dúbida temos un discurso importante, que alguén condenou ao silencio, pero que cómpre recuperar.

59 (1985).- “El Duque de la Gloria”, *La Voz de Galicia*, 2-VIII-85, p. 3. Presentación moi interesante, non só de valor divulgativo, da novela *El Caballero de las Botas Azules* (1867). Igual que fixo Murguía, pensa Carballo Calero que nos poemarios *Cantares*, *Follas* e *Orillas*, xunto coa novela *El Caballero*, “se compendia a produción esencial, a produción relevante da escritora”.

60 (1985).- “El legado de Rosalía”, no especial do xornal *El País* adicado ó Centenario do pasamento da escritora, 16-VII-1985, pp. 2-3.

61 (1985).- “La obra castellana de Rosalía”, en *Cursos Superiores de Verano en Galicia. Año 1985. Universidad Internacional del Atlántico*, Santiago, Fundación Alfredo Brañas, 1986, pp. 17-30.

62 (1985).- “Nucleos significativos do legado de Rosalía”, no volume colectivo *Rosalía de Castro. Unha obra non asumida*, A Coruña, Edicións Xistral, 1985, pp. 11-28.

63 (1985).- “Rosalía e a nosa identidade”, *La Voz de Galicia*, 9-XI-85, p. 3. A idea fundamental deste artigo, escrito co motivo do Centenario da morte de Rosalía, é que “Rosalía foi a fedataria da identidade de Galiza nos tempos modernos”. Fundamentalmente grazas ás dúas coleccións de versos en galego: “*Cantares Gallegos* registra a nosa autenticidade. *Follas Novas* é o noso título para transcender as nosas fronteiras”. Recollido no libro *Umha voz na Galiza. Artigos de xornal...*, cit., pp. 171-172.

64 (1986).- “Rosalía, umha rosa de cem follas”, presentado como Ponencia do “Congreso internacional de estudios sobre Rosalía de Castro e o seu tempo” na primeira sesión

plenaria (15 de xullo de 1985), e publicado nas *Actas*, Santiago de Compostela, 1986, vol. II, pp. 77-87.

65 (1986).- “De Rosalía a Castelao”, *La Voz de Galicia*, 15-I-86, p. 18. O recén rematado ano 1985 foi o centenario da morte de Rosalía, o recén comezado 1986 é o centenario do nacemento de Castelao: ambos “constitúen unha diarquía no corazón dos galegos”. Carballo Calero advirte sobre utilizacións políticas miserentas das figuras, obviamente políticas, de ambos. Reeditado en *Umha voz na Galiza. Artigos de xornal...*, cit., pp. 209-210; tamén en García Negro (ed.), *Ricardo Carvalho Calero...* (2019), pp. 258-260.

A simple lectura dos títulos amosa a diversidade dos aspectos de natureza literaria estudados por Carballo Calero. Se tivéssemos que elixir un que servise de mostra do rigor e minuciosidade que poñía o ilustre profesor na súa investigación, probablemente colleiríamos o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega. Era un traballo do que Don Ricardo sentíase moi satisfeito: estas son as declaracións que encol do mesmo lles fixo a Fernán-Vello e Pillado Mayor, nas *Conversas en Compostela con Carballo Calero*^[14]: “É unha data curiosa esa do 17 de Maio, na que ingreso na Academia: é hoxe o Día das Letras Galegas. Pero entón non o era, e ninguén se acordava de que o 17 de Maio Rosalía firma a dedicatória de *Cantares Gallegos*, de xeito que é pura casualidade, todo o simbólica que se quera supór, se temos un espírito un pouco supersticioso ou máxico (...) E fixen ese discurso, “Contribución ao estudo das fontes literarias de Rosalía”; do que hai dúas edizóns: hai a edizón aparte, que se publicou en Lugo pola Editorial Celta, e depois ese libro, sen os prolegómenos de circunstancias, incluíu-se nun tomo de Galaxia titulado *Sobre lingua e literatura galega*. Eu teño un libro, tamén publicado por Galaxia, que se chama *Estudos rosalianos*, e algun día, se é que se fai algunha vez unha nova edizón, procurarei que se inclua este estudo, que é o mais extenso dos dedicados a Rosalía”.

Non lle faltaban razóns a Ricardo Carballo Calero para se sentir contento desta obra. E de feito parece difícil poder prescindir do seu coñecemento e da súa consulta cando se pretende facer algún traballo que pague a pena sobre a obra, en verso ou en prosa, de Rosalía, ou sobre a súa cultura literaria, aspecto a propósito do que nos últimos tempos é frecuente ter que lermos verdadeiros disparates.

Estudos sobre as linguas de Rosalía

66 (1965).- “Bibliografía rosaliana”, *Grial* 3 núm. 9 (1965) 365-366. Sobre o verbo *alomear* en *Cantares gallegos*.

67 (1965).- “Un verso de Rosalía: ‘Donde estraña me alomean’”, *Cuad. de Est. Gallegos* 20 (1965) 124-126.

68 (1966).- “Alomear en Rosalía”, *Cuad. de Est. Gallegos* 21 (1966) 258-262.

[14] Op. cit., pp. 144-145.

69 (1967).- “Comparación de un fragmento conservado de un poema de Rosalía con el texto impreso en 1909”, *Cuad. de Est. Gallegos* 22 (1967) 251-254. Reeditado en *Estudios rosalianos* (1979), pp. 148-151.

70 (1968).- “Nota sobre *alomear*”, *Cuad. de Est. Gallegos* 22 (1967) 254-256.

71 (1971).- “Alomear’ en Rosalía”, en *Sobre lingua e literatura galega*, Vigo, Editorial Galaxia, 1971, pp. 236-242. Versión ampliada, con nova documentación, dos nos. 66, 67, 68 e 70. A preocupación de Carballo Calero por esta palabra, sen dúbida fundamental para unha mellor edición de *Cantares gallegos*, queda demostrada por unha nova publicación, anos despois, deste traballo, con grafía lusista (“Alomear’ em Rosalia”), no libro *Da fala e da escrita*, Ourense, Galiza editora, 1983, pp. 95-98.

72 (1971).- “O sufixo -bile en Rosalía de Castro”, en *Sobre lingua e literatura galega*, Vigo, Editorial Galaxia, 1971, pp. 243-254.

73 (1972).- *Particularidades morfológicas del lenguaje de Rosalía de Castro*, Santiago de Compostela, Universidad, 1972. 74 pp.

74 (1980).- “Escritos de hai un século”, *La Voz de Galicia*, 24-VI-80, p. 3. O ano 1980 resulta ser o centenario de tres obras fundamentais no Rexurdimento da literatura galega, *Follas novas* de Rosalía, *Aires da miña terra* de Curros, *Saudades gallegas* de Lamas; na ortografía adoptada, as tres obras empregan os usos da ortografía castelán daquela vixente, sen intento de procurar unha autonomía ortográfica, que acarrea problemas diversos. En cambio, no mesmo ano, Marcial Valladares, na novela *Majina* intenta resolver dun xeito máis autónomo o problema da ortografía galega

75 (1980).- “Lingua e ortografía de ‘Follas Novas’”, *La Voz de Galicia*, 31-XII-80, p. 37.

76 (1983).- “A lingua literaria galega em 1880”, en *Da fala e da escrita*, Ourense, Galiza editora, 1983, pp. 60-65.

77 (1985).- “Rosalía, estrutura binária”, *La Voz de Galicia*, 19-V-85, p. 3. Autora de poesía obxectiva e subxectiva, manifestando tanto efusión sentimental como profundidade intelectual, cultivando verso e prosa, escribindo en castelán e en galego, opina Carballo Calero que “Rosalía é un sistema binario, unha estrutura contrastiva”. Hai que interpretar como é debido as súas contrariedades. Onde se manifesta máis esta esencial realidade rosaliana é na súa lingua, “un *continuum* galego-castellano” ... “nunca é puro castellano nen puro galego”. Exemplos de usos lingüísticos de escritora.

Sen ser fundamental este aspecto na investigación rosaliana de Carballo Calero, empurro deixou algún traballo de obrigada consulta, como pode ser o que leva o nº 73, *Particularidades morfológicas del lenguaje de Rosalía de Castro*, onde se estudian aspectos morfolóxicos tan interesantes como son o plural dos nomes en *-l* e en *-n*, as solucións dos sufixos *-bile*, *-tate*, *-tute*, diversos problemas da flexión verbal, etc.

Resulta moi curioso subliñar que ata nun eido da investigación aparentemente tan aséptico como podería semellar o dos estudos lingüísticos, o noso autor deixa transparentar ese fondo galeguismo militante que anima sobre todo os seus estudos literarios;

é un elemento a ter moi presente, e que subliñou Carmen Blanco: “Con respecto a esta especial atención ao elemento lingüístico cómpre sinalar que en Carballo pesa sobre todo unha intencionalidade galeguista: chegar a un maior coñecemento da lingua marxina-da”^[15].

Influencias en Rosalía e de Rosalía

78 (1935).- “Rosalía, Curros e Juan Ramón”, *Nós* 136 (1935) 76. Unha das primeiras aportacións sobre a pervivencia poética de Rosalía, tema que sempre preocupará a Carballo Calero, publicada cando tiña samente 25 anos de idade.

79 (1949).- Fernando Cadaval, “El motivo del clavo en la literatura española. La influencia de Rosalía en Antonio y Manuel Machado”, *La Noche Supl.* do Sábado núm. 5, 12-XI-1949, p. 4. Atópase tamén no libro *Estudios rosalianos* (1979), pp. 141-143, onde leva o título abreviado “O motivo do cravo”.

80 (1957).- “La sombra negra y el huésped blanco”, *Vida Gallega* núm. 728 (1957) 68. Comparación da sombra negra de Rosalía co “whiter host” da poeta americana Emily Dickinson (1830-1886). En galego, “A sombra negra e o hospede branco”, publícase en *Estudios rosalianos* (1979), pp. 178-180; tamén en García Negro (ed.), *Ricardo Carvalho Calero...* (2019), pp. 52-56.

81 (1957).- “Rosalía y otros”, *Cuad. de Est. Gallegos* 12 (1957) 196-212. Sobre as influencias en Rosalía de Bécquer, Campoamor, Selgas e Murguía.

82 (1963).- “Jasmín, Rosalía y Juan Ramón”, *Faro de Vigo*, 6-II-63, p. 12. Reeditado en *Estudios rosalianos* (1979), pp. 176-177.

83 (1964).- “Machado desde Rosalía”, *Insula* 212-213 (1964) 12. Publicado máis tarde, en galego, en *Estudios rosalianos*, 1979, pp. 181-184.

84 (1970).- “Ecolios Valleinclanescos”, *Cuad. de Est. Gallegos* 25 (1970) 89-100. Importante análise sobre a opinión de Valle-Inclán con relación á persoa e á obra de Rosalía.

85 (1985).- “Un mestre de Rosalía: Antonio de Trueba”, *Espacios* 1 (1985) 17.

Xa recordamos anteriormente o traballo máis trascendental neste campo temático, a *Contribución ao estudo das fontes literarias de Rosalía* (nº 47), do ano 1959, que foi o magnífico Discurso de ingreso de Ricardo Carballo Calero na Real Academia Galega. Vivir para ver!

Queremos sulñar o feito de que a notíña publicada por Carballo na Revista *Nós* no ano 1935, cando só tiña vintecinco de idade, ocupábase por primeira vez dun tema, o de Rosalía en Juan Ramón, que tocarían máis tarde moitos investigadores; o mesmo debe dicirse da data temperá (1949) en que trata por primeira vez o tema, logo sempre recorrente na investigación, de Rosalía e Machado; e non hai que esquecer que, dentro dese

[15] En *Carballo Calero: política e cultura*, cit., o. 98.

gran coñecemento da literatura mundial que tiña Don Ricardo, foi tamén o primeiro en suliñar o paralelismo entre as vidas e as obras da galega Rosalía de Castro e da súa estrita contemporánea a poeta americana Emily Dickinson, un tema que despois había dar lugar a varias páxinas de estudosas e estudosos de Rosalía.

Versos de Carballo Calero dedicados a Rosalía

86 (1934).- “Madrigal a Rosalía”, en *O silencio axionllado*, 1934.

87 (1958).- “Rosalía”, en *Lar* (Revista do Hospital Galego de Buenos Aires) 1958; recollido despois no poemario *Salterio de Fingoy*, Vigo, Salnés, 1961, p. 16.

É cousa sabida que Rosalía de Castro se converte moi axiña en tema inspirador de multitude de poetas, cousa que sucede xa en vida da escritora, polo menos dende o ano 1857, en que Aurelio Aguirre lle dedica un soneto en castelán; e no ámbito da poesía galega dende 1874, ano no que Valentín Lamas Carvajal publica o poema titulado “Á Rola de Galicia Rosalía Castro de Murguía”, no libro *Espiñas, follas e froles. Ramiño primeiro* (Ourense, 1874); dende entón, e especialmente a partir do seu pasamento, o tema “Rosalía” vai ser capital na poesía galega ata os nosos días, contándose por centos os poemas, e ata as prosas, a ela dedicados, como pode comprobarse ao longo dos catro volumes da nosa *Bibliografía rosaliana*^[16].

Non faltou Carballo Calero a esta chamada poética: hai polo menos dous poemas seus a Rosalía, o primeiro de data moi temperá (1935). Damos o texto completo, seguindo a edición de Xesús Alonso Montero na interesante escolma *Coroa poética para Rosalía de Castro*^[17]:

Madrigal a Rosalía

A ti, sombra perdida, espírito pervagante,
que entre néboas de alén andas errante.
A ti, clara voz morta, ollos feridos,
pazo esquecido, outono
lonjano, chuvia

[16] A. López – A. Pociña, *Rosalía de Castro. Documentación biográfica y bibliografía crítica (1837-1990). Volumen I (1837-1940)*, La Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1991; *Rosalía de Castro. Documentación biográfica y bibliografía crítica (1837-1990). Volumen II (1941-1984)*, La Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1991. *Rosalía de Castro. Documentación biográfica y bibliografía crítica (1837-1990). Volumen III (1985-1990)*. La Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1993; *Rosalía de Castro. Documentación biográfica y bibliografía crítica. Volumen IV (1991-2000)*, Padrón, Fundación Rosalía de Castro, 2017.

[17] Xesús Alonso Montero (ed.), *Coroa poética para Rosalía de Castro*, Prólogo, escolma e notas de X.A. M., Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1986.

aceda de lecer, sibila
chorosa; a ti, que tes
o corazón de lua traspasado,
nas mans tremor de maina bris que ri,
as fazulas aradas pola dor
-oh estadea de bágoas sen fin-
e na fronte un fantasma aluarado:
a ti,
de min,
aos pes,
a flor
dun silencio ajoellado^[18].

Rosalía

Foches unha mociña, viva chama,
que se queimóu no lume decotío.
Como a Brunilda, arroteóute un valo
de herdados fogos, línguas de outro esprito.

Ningún Sigfrido liberóute. Virxe,
a ti mesma alumeácheste Sigfrido.
E saíches da Islandia do teu sono,
pra unha Worms sen coroa e sen marido.

Pura, no teu castelo solitario
ollache o ceo, enxergache o abismo,
veados os retratos familiares,
as cartas sen abrir, pechos os libros.

Como unha nube, pois, como unha brétema,
como un arcanxo ou como un asubío,
chegóu a ti o Segredo, unha aza branca
e outra moura. Dixécheslle: "Benvido".

Ninguén cho presentóu. Ti o percuraches.
O que dos outros tiñas deprendido,
esquecido ficóu. Só xa o diálogo
co enigmático Hóspede sostido^[19].

[18] Alonso Montero sinala en nota a este poema: "Teño en conta a ed. de "O silencio ajoellado", en "Pretérito imperfecto", Edicións do Castro, 1980" (*Coroa poética...*, cit., p. 146).

[19] Texto collido de Ricardo Carballo Calero, *Salterio de Fingoy*, Vigo, Salnés, 1961, p. 76.

A boa acollida que tiveron e teñen estes dous poemas nas escolmas de poesías adicadas a Rosalía confirma o seu valor: os dous aparecen na xa recordada *Coroa poética para Rosalía de Castro*, disposta por Xesús Alonso Montero co gallo do Centenario do pasamento de Rosalía^[20], e no “Cancioneiro rosaliano” incluído na *Antología poética* de Rosalía editada ese mesmo ano en Portugal por Ernesto Guerra da Cal^[21]; o “Madrigal a Rosalía” encóntrase só en *Rosalía viva*, especial de *A nosa terra*^[22]; tamén na “Corona poética en honor de Rosalía”, publicada pola revista *Peña Labra*, de Santander^[23], igualmente con motivo do Centenario.

Publicacións de tema vario

88 (1959).- “Rosalía en Italia. Un texto crítico de 1885”, *Cuad. de Est. Gallegos* 14 (1958) 349-353. Presentación, moi documentada, do texto orixinal italiano da crítica de *En las orillas del Sar* publicado por S.P.M. en *La Rassegna Nazionale* de Florencia, en 1885. Como nota Carballo, era habitual a referencia a este texto, pero case sempre por persoas que non o tiñan visto. Este artigo é publicado unha vez máis en *Estudios rosalianos* (1979), pp. 166-170, en versión galega.

89 (1964).- F. C., “Bibliografía rosaliana”, *Grial* II núm. 3 (1964) 119-121. Crítica moi pormenorizada de dous libros que tratan sobre Rosalía, o de José Antonio Balbontín, *Three Spanish Poets* (Londres, 1961) e o de Elvira Martín, *Tres mujeres gallegas del siglo XIX* (Barcelona, 1962); non é unha mera reseña, senón que aporta datos e comentarios interesantes. O artigo vai asinado F. C., con toda probabilidade por F(ernando) C(ada-val), pseudónimo de Carballo Calero; en todo caso é segura a súa autoría, pois máis tarde atópase no libro *Estudios rosalianos*, 1979, pp. 85-89.

90 (1964).- “Bibliografía rosaliana”, *Grial* II núm. 4 (1964) 257-260. Comentario pormenorizado dun traballo sobre Rosalía publicado por Bouza Brey en *Cuadernos de Estudios Gallegos* 18 (1963) 255-302. Pode verse tamén en *Estudios rosalianos* (1979), pp. 89-96.

91 (1968).- “Nótulas rosalianas”, *Cuad. de Est. Gallegos* 23 (1968) 120-124. Danse a coñecer algúns documentos rosalianos pertencentes a Juan Naya Pérez. Reeditado en *Estudios rosalianos* (1979), pp. 152-159.

92 (1973).- Anónimo, “Unha tesis francesa sobre Rosalía”, *Grial* 11 núm. 40 (1973) 258. Noticia da tese de doutoramento de Claude Henri Poullain, sobre Rosalía e a súa

[20] O “Madrigal a Rosalía” nas pp. 67-68, o titulado “Rosalía” nas pp. 95-96.

[21] Rosalía de Castro, *Antología poética. Cancioneiro rosaliano*, Visey, Guimarães Editores, 1985, pp. 245-247.

[22] AA. VV., *Rosalía viva*, especial de *A nosa terra*, Vigo, 1984, p. 38.

[23] *Peña Labra. Pliegos de Poesía*, 55, verán de 1985, p. 3.

obra poética, presentada na Universidade de Montpellier. O texto non aparece asinado, pero nós damos por case seguro que é da autoría de Carballo Calero.

93 (1978).- C., “Rosalía de Castro en catalán”, *Grial* 16 núm. 61 (1978) 382-383. Recupéranse dous fragmentos de Rosalía en versións catalás publicadas na revista barcelonesa *Luz*, no ano 1898. Cremos que non hai dúbida sobre a autoría de Carballo para este traballíño, asinado só cun “C”. De feito, foi reeditado en *Estudos rosalianos* (1979), pp. 163-165.

94 (1981).- “Un certo feminismo”, *La Voz de Galicia*, 12-XII-81. Comentario ao libro de Teresa Barro, *Cartas a Rosalía* (Sada - A Coruña, Ediciós do Castro, 1981). Pode atoparse agora sen dificultade no libro *Letras galegas* (Coruña, Asociación Galega da Língua, 1984), pp. 171-173.

95 (1982).- “Rosalía e Freud”, *La Voz de Galicia*, 15-I-1982. Crítica dura dun traballo publicado por Robert G. Havard en 1974, “Image and persona in Rosalía de Castro’s *En las orillas del Sar*”. Áchase tamén en *Letras galegas*, pp. 167-169.

É seguro que faltan moitas páxinas nesta rápida “Bibliografía rosaliana” de Ricardo Carballo Calero, mais o motivo desta recolleita nosa non era tanto a procura dunha bibliografía exhaustiva, senón amosar ata que punto o gran erudito ferrolán vai unido de xeito inexcusable ao estudo científico e ao coñecemento público da máis grande escritora de Galicia. Este labor de Ricardo Carballo Calero pódese comprender só como o resultado dese fondo amor pola escritora, que sinalamos ao comezo destas páxinas por medio das palabras do propio autor^[24].

[24] Unha noticia e unha crítica pormenorizadas da maior parte dos traballos recollidos neste artigo pode atoparse no lugar que lles corresponde nos catro volumes da nosa *Bibliografía rosaliana*.

Publicamos este cuarto número da revista *Follas Novas*
grazas ao patrocinio do Concello de Dodro



CONCELLO DE
DODRO



CASA DE ROSALÍA

A Matanza
15917 Padrón
981 811 204

www.rosalia.gal

**FUNDACIÓN
ROSALÍA DE CASTRO**